

COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA E ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **22 de xaneiro de 2020**

Na sala de xuntas do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás 17.00 horas do día 22 de xaneiro de 2020, reúnese a comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Plácido Álvarez Dobaño

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. Álvaro José Fernández López

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

D. Aurentino Alonso Araújo

Deputado de Democracia Ourensana:

D. José Miguel Caride Domínguez

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventor: D. José Mosquera Casero

O deputado do Grupo Popular, don Álvaro José Fernández López, incorporouse no punto terceiro.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 11 DE DECEMBRO DE 2019.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 11 de decembro de 2019.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial do día 11 de decembro de 2019, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MODIFICACIÓN REPRESENTANTE SUPLENTE DO GRUPO SOCIALISTA NO INORDE.-

O Sr. secretario expón o contido da proposta.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Modificar a representación do Grupo Socialista no INORDE, quedando como segue:

- D.^a Margarita Pérez Fernández (suplente: dona Rosario Rodríguez Delgado)

3º.- MODIFICACIÓN DO ARTIGO 15.2 DOS ESTATUTOS DO INORDE.-

O Sr. secretario expón o contido da proposta da Presidencia que recolle o acordo adoptado polo Consello Reitor do INORDE.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía, maniféstase a favor da modificación xa que abre un abanico de posibilidades para optar ao posto de xerente.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, anuncia que o seu grupo se vai abster neste punto. A postura do seu grupo sobre o INORDE xa é de sobre coñecida e considera que o dito organismo non cumpre os obxectivos para os que foi creado.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, indica que en principio o seu grupo tamén se vai abster. Engade que lles gustaría ter máis información e máis transparencia sobre os requisitos e criterios da selección e do perfil que se vai esixir aos candidatos ao posto.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, indica que aquí unicamente se trata de aprobar a modificación dun apartado concreto dun artigo concreto dos Estatutos do INORDE e que todo o relativo a criterios de selección, perfil do candidato e demais, plasmarase nas preceptivas bases da convocatoria.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz de Democracia Ourensana, explica que se trata de introducir o réxime do persoal directivo no Organismo Autónomo do INORDE e o dito modelo xa existe no Concello de Ourense, que se tratará dun procedemento de libre designación se prexuízo da necesidade de motivar a selección e idoneidade do/a candidato/a proposto/a e que asinaría un contrato laboral de alta dirección.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, di que a ver se con esta medida e outras se consegue por fin converter ao INORDE nun auténtico instituto de desenvolvemento económico como debería ser.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable de Grupo Popular (5), de Democracia Ourensana (1) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1) e a abstención do Grupo Socialista (3) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación do artigo 15.2 dos Estatutos do INORDE, quedando redactado do seguinte xeito:

“2. O xerente será designado polo Consello Reitor, tras a convocatoria pública e con respecto aos principios de mérito e capacidade e con criterios de idoneidade.

Dados os especiais fins institucionais do INORDE non se esixirá para o acceso ao posto de xerencia a condición de funcionario de carreira do subgrupo AI. En todo caso será requisito para o acceso ao posto dispor da titulación esixida para o acceso ao emprego público en prazas do subgrupo AI e dispor dunha experiencia mínima de 5 anos de exercicio profesional.

Seralle de aplicación á xerencia o réxime de persoal directivo establecido na lexislación vixente coas peculiaridades establecidas nos presentes estatutos”

2º) Someter o presente expediente e o acordo de aprobación inicial ao trámite de información pública, por un prazo de trinta (30) días hábiles, mediante a inserción de anuncios no BOP de Ourense e na sede electrónica da Deputación, de conformidade co previsto no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Durante o dito prazo, as persoas interesadas poderán formular as reclamacións que consideren

oportunas, as cales deberán ser resoltas polo pleno da Corporación rovincial, a través de acordo de aprobación definitiva. No caso de que non se formularsen reclamacións en prazo, o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, sen necesidade de acordo plenario expreso.

4º.- MOCIÓN DE CIUDADANOS-PARTIDO DE LA CIUDADANÍA DE APOIO AOS ÓRGANOS CONSTITUCIONAIS PARA INSTAR AO ACTUAL GOBERNO DE ESPAÑA A NON REALIZAR CONCESIÓN AOS GRUPOS INDEPENDENTISTAS.-

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía, expón o contido da moción.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, reflexiona sobre a curiosa situación de que a maioría absolutísima dos membros desta comisión non votaron a actual Constitución Española. Indica que tras o resultado electoral das últimas eleccións xerais o goberno actual é o único que poido saír e que os cidadáns nunca entenderían que non se acadase un acordo entre as distintas forzas políticas e houbera que ir a novas eleccións. Conclúe indicando que a finalidade da clase política é a de falar, dialogar e chegar a acordos.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz de Democracia Ourensana, indica que o seu grupo se vai ausentar no debate desta moción no Pleno, e que entende que a súa forte carga e contido político supera o foro que é o Pleno da Deputación Provincial, e que incluso pode considerarse unha inxerencia no ámbito do Parlamento Español.

D.^a Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, sinala que esta moción non é máis que un copia e pega dunha moción que o partido de Ciudadanos vai presentar en todas as administracións; e que en todo caso solicita a retirada do primeiro punto da proposta de acordo que indica que a Deputación Provincial debe mostrar o seu apoio e respecto ao ordenamento xurídico e a todos os órganos constitucionais, incluída a Xefatura de Estado, xa que todos os/as deputados/as antes de tomar posesión tiveron que xurar ou prometer o seu cargo.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, indica que a dita moción é similar á que a continuación se tratará e que formula o Grupo Popular, que coincide no esencial, e que si a consideran oportuna na conxuntura política actual.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía, recorda que o actual goberno a acadado pactos con partidos políticos que fixeron

manifestacións en contra do Estado Democrático e da Coroa, e que se ben hai que dialogar entre as distintas forzas políticas é evidente que hai certas liñas vermellas que non se deben traspasar.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz de Democracia Ourensana, apunta que en todo caso o determinar que un partido político é legal ou ilegal corresponde ao poder xudicial e que o noso sistema político ten as suficientes ferramentas de control para a súa garantía.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable de Grupo Popular (5) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1); o voto en contra do BNG (1); e a abstención do Grupo Socialista (3) e de Democracia Ourensana (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

- 1.- Que a Deputación de Ourense mostre o seu apoio e respecto ao ordenamento xurídico español e a todos os órganos constitucionais, incluídos a Xefatura de Estado.
- 2.- Que a Deputación de Ourense inste ao grupo parlamentario EH-Bildu para que o seu portavoz se retracte das palabras que, contra a Coroa e a nosa democracia, proferiu no Pleno de investidura do pasado 5 de xaneiro de 2020.
- 3.- Que a Deputación de Ourense inste ao actual presidente do Goberno a non realizar concesións aos grupos independentistas nin a levar a cabo a creación dunha “mesa de negociación institucional entre os gobernos de España e Cataluña”.
- 4.- Que a Deputación de Ourense inste ao presidente do Goberno a que cumpra a súa promesa de recuperación do delito de referendo ilegal.

5º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA SOLICITARLLE AO CONGRESO DOS DEPUTADOS QUE SE INTERPELE AO PRESIDENTE DO GOBERNO SOBRE ACORDOS ALCANZADOS CON INDEPENDENTISTAS E POPULISTAS E QUE SE REXEITE A ACTUACIÓN DUN PRESIDENTE QUE PACTOU CON AQUELES QUE QUEREN ACABAR CO CONSENSO INSTITUCIONAL E A IGUALDADE DE TODOS OS ESPAÑOIS

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, expón o contido da moción.

D.ª Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía, sinala que na Xunta de Portavoces pedirá o debate conxunto desta moción e da precedente por coincidir no esencial e que o seu grupo votará a favor de ambas.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, indica que entre outras cosas do contido

da moción lle sorprende moito a referencia que se fai a Aitor Esteban, deputado do Partido Nacionalista Vasco, a quen el e moitos consideran un dos mellores parlamentarios que hai. Solicita ao grupo propoñente da moción que revise polo menos esa parte dela. Engade que o seu grupo votará en contra.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz de Democracia Ourensana, dá por reproducido o indicado na moción precedente presentada por Ciudadanos.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, indica que tras unha lectura detida da moción non hai ningunha denuncia en referencia a ningún acordo ilegal, que soamente se trata de criticar acordos lexítimos acadados entre forzas políticas, o que non é máis que o reflexo do sistema parlamentario polo que nos rexemos e recollido como tal na Constitución. Reitera unha vez máis que o fundamental na política é tratar de chegar a acordos.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable de Grupo Popular (5) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1); o voto en contra do Grupo Socialista (3) e do BNG (1); e a abstención de Democracia Ourensana (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

- I. Instar ao presidente do Goberno a romper o seus acordos con ERC e Bildu.
- II. Instar a todos os grupos parlamentarios do Congreso a que os seus deputados e deputadas, como representantes de toda a cidadanía española, soliciten a comparecencia do Sr. Sánchez para ser interpelado sobre os seguintes aspectos:
 1. Se a súa afirmación de “deixar atrás a xudicialización do conflito” implica:
 - a) Reverter politicamente as condenas que a xustiza impuxo aos condenados por delito de sedición, entre outros, cando en outubro de 2017 vulneraron a lei co obxectivo de romper a nosa nación.
 - b) Non actuar con toda a forza da lei e a xustiza españolas contra aqueles dirixentes políticos que, como Torra, xa afirmaron que desobedecerán as resolucións xudiciais e seguirán tentando lograr a independencia de Cataluña por calquera vía.
 2. Se a súa afirmación de “que a lei non basta” supón abandonar a obrigação de todo cidadán, unha obrigação legal e moral que se amplifica no caso dun cargo público, de denunciar delitos e comportamentos contrarios da lei.
 3. Como poderá cumprir o establecido nos artigos 1.2 e 92.1 da nosa Constitución (“a

soberanía reside no pobo español" e "as decisións políticas de especial transcendencia poderán ser sometidas a referendo consultivo de todos os cidadáns"), cando no seu acordo co PNV unha parte de España decidiu sobre as competencias (neste caso de tráfico) doutra autonomía (neste caso Navarra) e acordou con ERC "unha consulta á cidadanía de Catalunya, non a todos os españois, para validar as medidas en que se materialicen os acordos aos que chegue a mesa bilateral entre o goberno de España e o goberno da Catalunya".

4. Se cando anunciou un "novo tempo para España" se debe a que o seu goberno pretende cambiar a nosa Constitución (e con ela o noso sistema político e os principios básicos da nosa democracia) de maneira subrepticia, sen seguir as canles previstas nos artigos 166 e seguintes da nosa Carta Magna e sen que poidan opinar todos os españois.
 5. Se a súa afirmación de que "se aplicará un cordón sanitario ás ideas" e a súa intención de poñer en marcha unha estratexia nacional de loita contra a desinformación significará un control por parte do goberno dos medios de comunicación, (posto que o Sr. Iglesias considera que "a existencia de medios de comunicación privados ataca a liberdade de expresión") e a exclusión do debate daqueles que discrepen do goberno.
 6. Se a súa intención de derrogar a LOMCE leva implícita a eliminación do ensino concertado no noso país (tal e como o Sr. Iglesias propuxo en diversas ocasións) e a supresión da liberdade dos pais e nais, recoñecida na Constitución e avalada por diferentes sentenzas do TC, de elixir aquel modelo educativo que mellor se adapte ás súas crenzas e forma de vida.
- III. Instar a todos os grupos parlamentarios do Congreso a que os seus deputados e deputadas, como representantes de toda a cidadanía española, presenten unha moción para rexeitar a actuación do presidente do Goberno. Un presidente do Goberno que pactou con aqueles partidos que buscan romper a unidade española e acabar coa democracia e o Estado de Dereito vixentes no noso país.
- IV. Trasladarlles este acordo a todos os grupos parlamentarios do Congreso e á Comisión de Peticións do Congreso, en virtude do artigo 77 da CE.

6º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A SOLICITUDE DE INTÉRPRETE LINGUAXE DE SIGNOS NOS PLENOS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE

D.ª Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, expón o contido da moción.

D.ª Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía, aplaude a iniciativa indicando que o seu grupo a vai apoiar.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, igualmente indica que a apoiará xa que se trata de normalizar a vida das persoas que teñan algún tipo de discapacidade.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz de Democracia Ourensana, manifesta que votarán a favor.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, indica que tamén están conformes coa proposta e que se aproveitará a reforma que se está tramitando acometer no Salón de Plenos para implantar esta e outras medidas.

Non se producen máis intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

1º.- Solicitar da Deputación Provincial que realice os trámites oportunos para a posta en marcha deste servizo, tanto presencial nos plenos como na emisión destes a través de streaming.

2º.- Co obxectivo de que esta medida sexa o máis efectiva posible, solicitar o contacto permanente e as reunións necesarias coas asociacións existentes nesta provincia destes colectivos, para que poidan dar traslado das súas propostas a esta Deputación para a mellora da implantación dos servizos necesarios.

7º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

8º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, fai referencia a un artigo periodístico publicado no día de hoxe no periódico dixital “El Confidencial” onde se indica que a Deputación Provincial de Ourense é a campioa en tallar ou fraccionar contratos de obra, e indica que o dito artigo é moi negativo para a imaxe da institución e que se debería pedir á

Intervención da Deputación Provincial e á Secretaría Xeral un informe ao respecto e incluso a rectificación do contido da noticia.

D.^a Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, apoia a petición do BNG indicando que o fraccionamento de contratos é algo prohibido pola Lei de contratos do sector público.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, indica que, en todo caso, eles manteñen o máximo respecto a calquera artigo de opinión dos que se publican e que non ten ningunha dúbida da tramitación actual dos contratos de obra da Deputación Provincial.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, solicita información sobre o estado de tramitación en que se atopa a adxudicación da reforma do Salón de Plenos.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía, fai o rogo de que se lles entregue aos deputados os ordenadores portátiles que se lles contrataran, xa que o acceder a todas as notificacións e contidos dos expedientes a través do teléfono móbil dificulta bastante o traballo.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que se dará información sobre estas cuestións na próxima Xunta de Portavoces.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, fai dúas preguntas, a primeira se se pode facilitar máis información sobre o ciberataque que sufriu a Deputación Provincial en novembro; e a segunda, se se pode consultar a lista de admitidos, sistema de admisión e quendas do programa EsquiOU, solicitando que na próxima edición se revisen as bases da convocatoria.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, contesta á primeira pregunta indicando que non se pode facilitar máis novidades recordando que hai unha investigación en curso. E sobre a segunda pregunta que se lle pedirá un informe ao Servizo de Deportes.

E, ás 17.45 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

